# ACCESO Á AULA VIRTUAL DO CENTRO (Alumnado)

1. Entrar na páxina web do centro: https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipcerdeirinhas/

2. Premer na lapela de Aula virtual (situada debaixo do título)



3. Premer en acceder




4. Introducir o nome de usuario e a contrasinal



5. Acceder ao curso premendo sobre o mesmo



# MANEXO BÁSICO DA AULA VIRTUAL (Alumnado)

## 1. PÁXINA PRINCIPAL




LAPELAS DE INFORMACIÓN PERSOAL E SAÍDA DO CURSO (Preme para visualizalas)

LAPELAS DE ACCESO Á INFORMACIÓN DO CURSO

En cada curso poderás consultar diversa información. Por exemplo, poderás observar as cualificacións das distintas tarefas que entregaches, poderás acceder a todos os cursos nos que esteas matriculado, etc.

CONTIDO DO CURSO (dependerá da elección do mestre, a aparencia do mesmo, pero o funcionamento é similar en todos os casos. Premendo en cada apartado, poderedes acceder ao seu contido.

# 2. CONTIDOS DO CURSO




En cada apartado do curso poderás atopar diferentes tipos de contidos. Principalmente serán leccións, tarefas, probas e arquivos complementarios



# 3. COMO ENTREGAR UNHA TAREFA




É posible que varios apartados conteñan tarefas. Dependerá do mestre, o tipo de tarefa e tamén a forma de entrega, aínda que a forma máis habitual de entrega é a través dun arquivo en pdf ou a través dun texto en liña.




Para entregar a tarefa deberase premer no botón "Engadir entrega" situado ao final da tarefa.

# A miña aldea

Describe a túa aldea en menos de dez liñas.

Entregas de ficheiros

Cando a tarefa require a entrega dun ou varios ficheiros, deberanse arrastrar os documentos ata o caixón de ficheiros




Ademais de arrastrándoo, tamén podes cargar/subir un arquivo, seleccionándoo dende o teu ordenador.

Texto en liña

Cando a tarefa requira a entrega dun texto en liña, poderalo escribir neste caixón.




Recorda sempre, gardar os cambios/entregar tarefa

Unha vez entregada a a tarefa, no lugar onde estaba o botón de "gardar os cambios" case sempre aparecerá un botón para editala. É dicir, premendo nel poderás modificar a túa tarefa se o consideras necesario.



## 4. DEBES TER EN CONTA

- Tanto na entrega dunha tarefa como dunha proba ou cando queiras enviarlle algo ao mestre, normalmente é necesario premer un botón semellante ao de “entregar a tarefa/gardar os cambios”. Se non o fas, é posible que o mestre non poida ver o teu envío.
- O teu mestre poderá observar se entraches na aula virtual, cando o fixeches e se entregaches algunha tarefa.